



Valdoviño



VALDOVIÑO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expediente: 2024/G010/000002

Valdoviño, 01 de febreiro de 2024.

Hora: 20:00

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria, previa convocatoria, emitido o decreto 30/2024 de 29 de xaneiro de 2024, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PSdeG- PSOE:

Alcalde

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Germán Gómez Senra

Alejandro Antonio García Sousa.

PP:

Ana María Díaz López

Ana Ángeles Arroyo Pérez (PP)

Cristóbal Colón Leira

Kristel Testa Ameneiros

BNG:

Verónica Hermida García

Andrés Rodríguez Rodríguez

Non asiste por causas xustificadas: Tamara Sabín Caamaño

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro e asiste a interventora municipal dona Elisa Marqués Parrilla.

Abre a sesión o Presidente vista a existencia de quorum, para entrar nos asuntos da Orde do Día:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN DO 05.01.2024 (ORDINARIA) E 22.01.2024 (EXTRAORDINARIA) -

O sr. Alcalde, que preside a sesión, pregúntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas do 5.01.2024 e 22.01.2024, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións plenarias quedan aprobadas sen ningunha obxección polo Pleno da Corporación (votación ordinaria e aprobada por unanimidade)

2º.- APROBAR A PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) “POS + 2024”.-

DITAME AO PLENO DA CORPORACIÓN:

A comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión extraordinaria que celebrou en data vinte e nove de xaneiro/2024, adoptou ditame favorable sobor da participación no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos), co sentido do ditame e á vista da proposta sometida á consideración da comisión dita, PROPONSE ao Pleno da Corporación adoptar acordo co seguinte texto:

PROPOSTA DE ALCALDIA AO PLENO DA CORPORACIÓN:

“Aprobadas as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2024 polo Pleno da Deputación da Coruña , na sesión ordinaria que tivo lugar o 24 de novembro de 2023 e publicadas no BOP de data 28.11.2023 número 227.

Resultando que a asignación do organismo provincial para o Concello de Valdoviño supón un total de **434.561,41 euros**.

Esta Alcaldía, PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á ”achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	244.752,98
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	----
Subtotal gasto corrente	244.752,98

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO
------------------------	-------------------------------

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024					

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Reparación de estradas en R/Boeiro, Avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín Campón, e outros	189.808,43				189.808,43
Subtotal investimentos achega provincial 2023	189.808,43				189.808,43

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	

D) Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
Achega 2024	244.752,98				244.752,98

A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023 (Excep. base 2.1)				
B- INVERSIONES	Achega 2024				
	Achega 2023	189.808,43			189.808,43
C- REDUCCIÓN DA DÉBIDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024				
	Achega 2023				
D- TOTAL	Achega 2024	244.752,98			244.752,98
	Achega 2023	189.808,43			189.808,43
	TOTAL	434.561,41			434.561,41

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Reparación de estradas en Lavacerido, Montefaro, O Amedo, Cooperativa de Meirás, Riobó e Carreira	145.220,34		145.220,34
Reparación de estradas en Coto da Pena, Basteiro, Os Romeos, As Trabes, O Cameleiro e Igrexa de Lago	129.684,81		129.684,81
Mellora de seguridade vial e mobilidade en Taraza	576.403,76		576.403,76
TOTAIS	851.308,91		851.308,91

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras

Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Non obstante, o Pleno da Corporación., resolverá o que estime máis convinte.

/Documento asinado á marxe do documento polo sr. Alcalde/

Sometida a proposta á votación, quedou aprobada pola Corporación; arroxando a votación o seguinte resultado:

6 votos a favor dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE: Rosana García López, Sergio Saavedra Gutiérrez, Benito M. Vega Fernández, Germán Gómez Senra, Alejandro García Sousa e o sr. alcalde.

4 abstencións dos concelleiros/as do PP: Ana María Díaz López, Ana Ángeles Arroyo Pérez, Cristóbal Colón Leira e Kristel Testa Ameneiros.

2 votos a favor dos concelleiros do BNG: Verónica Hermida García e Andrés Rodríguez Rodríguez

3º.- APROBAR A PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO CONCELLOS) “POS+ADICIONAL 1/2024” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.-

DITAME AO PLENO DA CORPORACIÓN:

A comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión extraordinaria que celebrou en data vinte e nove de xaneiro/2024, adoptou ditame favorable sobor da participación no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) “POS + Adicional /2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, co sentido do ditame e á vista da proposta sometida á consideración da comisión dita, PROPONSE ao Pleno da Corporación adoptar acordo co seguinte texto

PROPOSTA PARA A PARTICIPACION NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2024” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de participar no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal no que respecta á solicitude de financiamento de gastos sociais extraordinarios para o exercizo 2024 (POS + Adicional 1/2024),

PRIMEIRO. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data de 24 de novembro de 2023, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) “POS+2024, que se destina ao 93 Concellos da provincia. Xunto co POS+2024, régúlase simultaneamente, o POS+ADICIONAL 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais de esta Deputación.

En circular remitida por parte da Deputación Provincial, asígnase a este Concello para este concepto a cantidade de **69.929,42 euros**.

SEGUNDO. No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 227 de 28 de novembro de 2023, publícanse as bases reguladoras deste plan. A base 12 regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercizo 2024, que se financia con cargo a unha achega provincial 2024 extraordinaria por importe de 5.000.000 euros para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais.

TERCEIRO. O Obxecto do financiamento dos gastos sociais extraordinarios é o seguinte:

Para gasto corrente:

- a. Reforzo/ampliación de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais do Concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edición do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.
- b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas en risco de exclusión social.
- c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa.
 - a. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS.
 - b. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.
- d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes.
- e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave dos recursos económicos.
- f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.
- g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria.

- h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables, cando cumbran os requisitos establecidos.

Para investimento:

- i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria.
- j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.

CUARTO. Valoradas as necesidades da actividade do departamento de servizos sociais e vistos os informes técnicos correspondentes, **PROPOÑO** aprobar a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe técnicos emitidos segundo o seguinte:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
GASTO CORRENTE	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
A.Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
B.Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación,	11.550,00 €	0,00 €	11.550,00 €	11.550,00 €	0,00 €

gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.					
C.Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	17.900,00 €	0,00 €	17.900,00 €	17.900,00 €	0,00 €
D.Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
E.Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.					
F.Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	36.979,42 €	0,00 €	36.979,42 €	36.979,42 €	0,00 €
G.Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	66.429,42 €	0,00 €	66.429,42 €	66.429,42 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
--	----------------------------	---	--	---	--

	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
I. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.	3.500,00 €	0,00 €	3.500,00 €	3.500,00 €	0,00 €
J. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	3.500,00 €	0,00 €	3.500,00 €	3.500,00 €	0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	69.929,42 €	0,00 €	69.929,42 €	69.929,42 €	0,00 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	66.429,42 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	3.500,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	69.929,42 €

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.

O alcalde,
Alberto González Fernández”

Sometida a proposta á votación, quedou aprobada pola Corporación; arroxando a votación o seguinte resultado:

6 votos a favor dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE: Rosana García López, Sergio Saavedra Gutiérrez, Benito M. Vega Fernández, Germán Gómez Senra, Alejandro García Sousa e o sr. alcalde.

4 abstencións dos concelleiros/as do PP: Ana María Díaz López, Ana Ángeles Arroyo Pérez, Cristóbal Colón Leira e Kristel Testa Ameneiros.

2 votos a favor dos concelleiros do BNG: Verónica Hermida García e Andrés Rodríguez Rodríguez

4º.- APROBAR A OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LARGO PLAZO.-

DITAME AO PLENO DA CORPORACIÓN:

A comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión extraordinaria que celebrou en data vinte e nove de xaneiro/2024, adoptou ditame favorable sobor da aprobación de préstamo a longo prazo, co sentido do ditame e á vista da proposta sometida á consideración da comisión dita, PROPONSE ao Pleno da Corporación adoptar acordo co seguinte texto:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

“Vista a Providencia de Alcaldía asinada en data 23 de xaneiro do 2024

Visto o Informe de intervención EMP 5/2024 referido a prudencia financeira de data 23 de xaneiro do 2024.

Vistos o Informe de intervención EMP 6/2024 referido á concertación de operación de crédito a longo prazo de data 23 de xaneiro do 2024. Visto o Informe de secretaria de data 23 de xaneiro de 2024.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- A formalización dunha Operación de crédito a longo prazo coas seguintes características:

- Tipo de operación: operación de préstamo a longo prazo.
- Finalidade: Inwestimentos.
- O importe da operación: 1.321.563,00 €.
- Prazo da operación: 180 meses.
- Período de liquidación de intereses e amortización: Trimestral.
- Tipo de interese: Variable

Segundo.- A apertura do procedemento de licitación aos efectos de remitir as condicións da concertación de dita operación de crédito a longo prazo baixo o principio de prudencia financeira as entidades financeiras para que presenten as súas ofertas axustándose ás determinacións fixadas polo Informe de intervención de data 23 de xaneiro do 2024

Proposta asinada electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe”

Sometida a proposta á votación, quedou aprobada pola Corporación; arroxando a votación o seguinte resultado:

6 votos a favor dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE: Rosana García López, Sergio Saavedra Gutiérrez, Benito M. Vega Fernández, Germán Gómez Senra, Alejandro García Sousa e o sr. alcalde.

4 abstencións dos concelleiros/as do PP: Ana María Díaz López, Ana Ángeles Arroyo Pérez, Cristóbal Colón Leira e Kristel Testa Ameneiros.

2 abstencións dos concelleiros do BNG: Verónica Hermida García e Andrés Rodríguez Rodríguez

5º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 3/2024 MC CRÉDITO EXTRAORDINARIO POR CONCERTACIÓN OPERACIÓN DE PRÉSTAMO.-

DITAME AO PLENO DA CORPORACIÓN:

A comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión extraordinaria que celebrou en data vinte e nove de xaneiro/2024, adoptou ditame favorable sobor da modificación de crédito número 3/2024 mc crédito extraordinario por concertación operación de préstamo co sentido do ditame e á vista da proposta sometida á consideración da comisión dita, PROPONSE ao Pleno da Corporación adoptar acordo co seguinte texto:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 03/2024 MC CE FINANCIADO CON OPERACIÓN DE PRÉSTAMO.

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais: *1. Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario, en el primer caso, o de suplemento de crédito, en el segundo.*

2. El expediente, que habrá de ser previamente informado por la Intervención, se someterá a la aprobación del Pleno de la corporación, con sujeción a los mismos trámites y requisitos que los presupuestos. Serán asimismo, de aplicación, las normas sobre información, reclamación y publicidad de los presupuestos a que se refiere el artículo 169 de esta ley.

3. Si la inexistencia o insuficiencia de crédito se produjera en el presupuesto de un organismo autónomo, el expediente de crédito extraordinario o de suplemento de crédito propuesto inicialmente por el órgano competente del organismo autónomo a que aquél corresponda, será remitido a la entidad local para su tramitación conforme a lo dispuesto en el apartado anterior.

4. El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone.

Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos o mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio. En el expediente se acreditará que los ingresos previstos en el presupuesto vengan efectuándose con normalidad, salvo que aquéllos tengan carácter finalista.

5. Excepcionalmente, y por acuerdos adoptados con el quórum establecido por el artículo 47.3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, se considerarán recursos efectivamente disponibles para financiar nuevos o mayores gastos, por operaciones corrientes, que expresamente sean declarados necesarios y urgentes, los procedentes de operaciones de crédito en que se den conjuntamente las siguientes condiciones:

Que su importe total anual no supere el cinco por ciento de los recursos por operaciones corrientes del presupuesto de la entidad.

Que la carga financiera total de la entidad, incluida la derivada de las operaciones proyectadas, no supere el 25 por ciento de los expresados recursos.

Que las operaciones queden canceladas antes de que se proceda a la renovación de la Corporación que las concierte.

6. Los acuerdos de las entidades locales que tengan por objeto la habilitación o suplemento de créditos en casos de calamidades públicas o de naturaleza análoga de excepcional interés general, serán inmediatamente ejecutivos, sin perjuicio de las reclamaciones que contra ellos se promovieran, las cuales deberán sustanciarse dentro de los ocho días siguientes a la presentación, entendiéndose desestimadas de no notificarse su resolución al recurrente dentro de dicho plazo.

Considerando o artículo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril:

Los créditos extraordinarios son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos mediante los que se asigna crédito para la realización de un gasto específico y determinado que no puede demorarse hasta el ejercicio siguiente y para el que no existe crédito. (Artículo 158.1, LRHL).

Los suplementos de créditos son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos en los que concurriendo las mismas circunstancias anteriores en relación con el gasto a realizar, el crédito previsto resulta insuficiente y no puede ser objeto de ampliación. (Artículo 158.1, LRHL).

Así como o artículo 36.2 relativo á fonte de financiamiento destas modificacións de crédito:

2. Los créditos extraordinarios y los suplementos de crédito para gastos de inversión podrán financiarse, además de con los recursos indicados en el apartado anterior, con los procedentes de operaciones de crédito.

Vista a urgente necesidade de realizar diversos investimentos no presente exercicio 2024 para os que non existe crédito adecuado no vixente orzamento municipal

PROPONSE:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario co número de expediente 03/2024 MC CE

A aprobación de modificación de crédito nas aplicacións orzamentarias de investimentos que se detallan a continuación por importe total de 983.034,00 euros:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE A DOTAR
342.60900	Instalacións deportivas. Outras inversión novas en infraestruturas e bens adicados ao uso xeral. Vestiarios POS.	135.461,00
161.60001	Saneamento. Inversión nova en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Saneamento en Montefaro POS.	91.000,00
342.60900	Instalacións deportivas. Outras inversión novas en infraestruturas e bens adicados ao uso xeral. Pistas Pádel POS.	162.459,00
321.60900	Educación preescolar e primaria. Outras inversión novas en infraestruturas e bens adicados ao uso xeral. CPI de Atios.	481.421,00
933.62200	Xestión do patrimonio. Inversión de reposición de infraestruturas e bens adicados ao uso xeral. Edificios e outras construción. Edificio Xulgado e Garda Civil	112.693,00
TOTAL		983.034,00

➤ Financiamento procedente de préstamos recibidos en entidades bancarias:

913 00 Préstamos recibidos a largo prazo de entes de fóra do sector público	983.034,00
Total	983.034,00

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal. Ratificar a variación do anexo de investimentos correspondente aos créditos prorrogados e os que se introducen coas modificacións orzamentarias.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O Alcalde, Alberto González Fernández (asdo. dixitalmente) ”

